



## MATERIAS OPTATIVAS BACHARELATO INFORMACIÓN SOBRE AS NOVAS MATERIAS OFERTADAS DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA. Curso 2021-22.

### CULTURA CIENTÍFICA. 1º DE BACHARELATO.

#### 1. A QUEN VAI DIRIXIDA?

• A materia está especialmente dirixida ao alumnado que cursa a modalidade de Ciencias do Bacharelato, pero, por tratar temas de actualidade relacionados coa ciencia e sometidos a unha certa polémica, como son a biomedicina e a enxeñaría xenética, sería axeitada para calquera alumno ou alumna que teña curiosidade por estas, mesmo das outras modalidades de Bacharelato.

#### 2. OBXECTIVOS

- Contribuír a que o alumnado sexa quen de diferenciar enunciados científicos daqueles sustentados en crenzas e/ou opinións e a que adquira unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos.
- Contribuír ao fomento de vocacións científicas.
- Complementar a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato.

#### 3. METODOLOXÍA

A materia está concibida para ser desenvolvida de xeito que sexa o propio alumnado o que constrúa o coñecemento a partir de traballo experimental e desenvolvido de forma cooperativa.

- Os alumnos e as alumnas realizarán actividades e tarefas que requiran a utilización dos procedementos básicos da investigación científica.
  - Utilizaranse as ferramentas que as novas tecnoloxías da información aportan á ciencia, especialmente no que respecta á obtención de información.
  - Realizaranse debates sobre temas científicos de actualidade que supoñan certa polémica entre a comunidade científica e a sociedade en xeral.

#### 4. CONTIDOS.

<b>Cultura Científica 1º Bach</b>	<b>Tema 1: Ciencia e sociedade Tema 2: A Terra Tema 3: Orixe e Evolución da vida (Transmisión ideas científicas) Tema4: Avances en Medicina Tema 5: Revolución Xenética Tema 6: Biotecnoloxía Tema 7: Ciencia e Tecnoloxía</b>
---------------------------------------	--